



EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA
PONTEVEDRA

DECRETO DE CONVOCATORIA DE SESIÓN

Nº 914/2013

ÓRGANO: **CONCELLO PLENO**

TIPO DE SESIÓN: **EXTRAORDINARIA E URXENTE**

De conformidade coas atribucións conferidas nos artigos 21.1.c) da Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local, 61.1.c) da Lei galega 5/1997 de Administración Local e 41.4 e 77 e ss. do RD 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Este Concello solicitou un Obradoiro de Emprego no que se prevé (en caso de ser concedido) o acondicionamento do colexio "José Antonio" para usos culturais. A fin de ter a dispoñibilidade do edificio compre solicitar con carácter urxente á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a autorización previa de desafectación deste Colexio do uso educativo que ten na actualidade.

Esta Alcaldía procede a convocar sesión do **PLENO** a celebrar o vindeiro **MARTES 23 de xullo de 2013**, ás **22:00** horas, no salón de sesións da Casa do Concello.

A Orde do Día é a que segue:

A) PARTE RESOLUTORIA E ÚNICA

1º.-APRECIACIÓN, SE PROCEDE, DA URXENCIA DA SESIÓN.

2º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 4 DE XULLO DE 2013.

3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTES RELATIVA Á SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA PARA A AUTORIZACIÓN PREVIA DA DESAFECTACIÓN DO COLEXIO PÚBLICO "JOSÉ ANTONIO".

A Estrada, 19 de xullo de 2013

ALCALDESA EN FUNCIÓNS,
Asdo.: *Amalia Galdoar Cora*

Vº, SECRETARÍA EN FUNCIÓNS
Asdo.: *Mª Jesusa Fernández Bascuas*